

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE DODRO PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE DODRO, DEPENDENTE DEL.

Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Dunha parte, a consellería de Cultura, Educación e Universidade (en adiante, a Consellería) e no seu nome e representación, D. Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; así como o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Doutra, o concello de Dodro (en adiante, o concello) e no seu nome e representación, D. Francisco Xabier Castro Tourís, en virtude do seu cargo de Alcalde-Presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para conviren no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

MANIFESTAN

Que ámbalas dúas entidades son conscientes de realizar actuacións no eido da creación de recursos de lectura pública que fomenten a mellora dunha oferta adecuada ás novas demandas dos seus usuarios, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia de acceso aos recursos públicos de lectura tanto físicos como dixitais.

A Consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, as atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Neste sentido, no seu artigo 8, establece que lle corresponde a xestión dos procedementos de integración na rede, e de creación de novos centros-



Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, a Consellería configúrase como o órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede.

O concello de Dodro, no exercicio das competencias que lle son propias, solicitou a integración na Rede de bibliotecas de Galicia do centro bibliotecario citado, e para que esta fora firme e efectiva, trala publicación no DOG da Resolución do 21 de outubro de 1996 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia. (DOG núm. 220 do 11 de novembro), asinouse o correspondente convenio o 30 de abril de 1997.

A Lei 40/2015 de 1 de outubro, na disposición adicional oitava, regula a adaptación dos convenios vixentes subscritos polas administracións públicas e, establece que deberán adaptarse ao previsto no artigo 49.h) no prazo de tres anos dende a entrada en vigor da Lei. Para os convenios que non tiveran determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei, como é o caso, terán un prazo de vixencia de catro anos á partir da entrada en vigor da Lei (1 de outubro de 2016).

Cumprido o prazo transitorio de adaptación, será de aplicación o disposto no artigo 49. h) que, establece que os convenios deberán ter unha duración non superior a catro anos. E que en calquera momento antes da finalización deste prazo, as partes poderán acordar unha prórroga unánime por catro anos adicionais ou a súa extinción.

Co obxecto de adaptar e axustar o convenios ás esixencias da Lei 40/2015 así como para actualizar o seu contido cómpre renovar o compromiso de adhesión subscrito.

As dúas institucións teñen o convencemento mutuo de que o acceso á cultura da cidadanía galega mellorará compartindo os recursos e poñendo á disposición dos usuarios e usuarias das bibliotecas públicas de Galicia este servizo bibliotecario.

Con este convenio asegúrase o acceso aos recursos compartidos da Rede de bibliotecas en formato físico a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria e, en formato dixital a través da Biblioteca Dixital Galega GaliciaLe, plataforma de acceso aberto e gratuíto para os usuarios das bibliotecas de Galicia e, outros servizos que se poidan poñer en marcha.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

O obxecto deste convenio é a colaboración entre as partes para a actualización e a adaptación a normativa de aplicación vixente. Este convenio renova do compromiso de integración do centro bibliotecario municipal na Rede de bibliotecas de Galicia, coa finalidade de mellorar o acceso da



ciudadanía ao libro e a lectura tanto en formato físico como dixital.

Condicións da integración:

1.- O Concello comprométese a:

- a) Dotar á biblioteca do orzamento suficiente para o seu funcionamento.
- b) Dotar ao centro bibliotecario do persoal adecuado e con capacidade profesional suficiente para asumir as tarefas propias do servizo bibliotecario. Así mesmo asumirá en exclusiva todas as obrigas derivadas da súa condición de empregador.
- c) Remitir anualmente á Consellería a información que se solicite, con especial atención ás estatísticas anuais.
- d) Colaborar coa Consellería na formación e perfeccionamento do persoal do servizo bibliotecario municipal.
- e) Fomentar a participación do centro bibliotecario na Rede e nos programas que nesta se establezan. A interconectividade técnica e semántica, o uso de software, os estándares necesarios para o intercambio e acceso á información e, a adopción das normas e manuais de procedemento que se establezan para as bibliotecas da Rede.
- f) A participación nos programas de préstamo interbibliotecario, facilitando orixinais ou copias dos documentos solicitados, correndo por conta do centro demandante o gasto que daquel puidera derivar.
- g) Colaborar coa Consellería na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do patrimonio bibliográfico galego e da documentación de interese para Galicia, debendo facilitar que se leven a cabo os programas de conservación, dixitalización ou rexistro e gravación noutros soportes dos materiais de interese para Galicia, promovidos polo dito órgano, facilitando a súa copia e colaborando na súa recollida e conservación.

2.- A Consellería comprométese a:

- a) Manter ao centro bibliotecario municipal de Dodro na Rede de Bibliotecas de Galicia.
- b) Dotar ao centro bibliotecario municipal do software necesario para a súa xestión a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria.
- c) Prestar o apoio técnico necesario para acadar servizos bibliotecarios da calidade.
- d) Promover a realización de accións formativas destinadas ao persoal dos servizos bibliotecarios municipais.
- e) Organizar o sistema de préstamo interbibliotecario e acceso do centro bibliotecario aos fondos de calquera outro centro da rede, en orixinal ou copia. Tamén se dará acceso, a través dos servizos que se designen para tal fin no sistema bibliotecario galego, ao préstamo intrabibliotecario ou internacional.



- f) Integrar ao centro bibliotecario en programas de recuperación, conservación, dixitalización ou rexistro en calquera outro sistema de memoria, de materiais de interese local ou galego, ademais de facilitar o acceso aos resultados destes programas.

SEGUNDA. – OBRIGAS FINACEIRAS

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

TERCEIRA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola persoa titular da Dirección Xeral de Políticas Culturais da Consellería e polo alcalde do concello de Dodro, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

QUINTA.- PUBLICIDADE

A partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o concello de Dodro, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza privada e pública entre as dúas administracións. A orde xurisdiccional civil e a contencioso-administrativa será a competente, segundo corresponda, para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Seránlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.



- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- Artigo 81 Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.
- Artigo 49 e Disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Resolución do 21 de outubro de 1996 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia. (DOG núm. 220 do 11 de novembro)

SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

OITAVA.- VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio empezará a contar dende a súa sinatura e estenderase por un período de catro anos. Antes do remate deste prazo as dúas partes asinantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, agás que unha das partes decida a súa resolución comunicándoo á outra parte con tres meses de antelación.

NOVENA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como



destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O CONSELLEIRO DE CULTURA EDUCACIÓN E O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
UNIVERSIDADE DODRO

Román Rodríguez González

Francisco Xabier Castro Touris

